
BoleZine #1

Xaneiro 2006



Presentación

Tras varios meses sen a acostumada programación das actividades do local e da Asociación, tentamos agora dar un pequeno paso adiante con este BoleZine; que sustituirá á pasada programación, modificando o formato para permitir ampliar os contidos.

Gustaríanos que estreitara lazos, que dera unha visión máis clara de todas as pequenas cousas que xiran enredor o noso/voso centro social, os colectivos que o enchen de vida, as campañas que como Asociación asumimos levar adiante, as realidades que acontecen ao noso redor. as alternativas, os proxectos, as loitas... Pretendemos que chege a ser un novo canle comunicativo, entre as persoas socias, afins, asiduas, curiosas e despistadas que se achegan polo local.

Como sempre atoparáse aberta tanto á participación, propoñendo textos, debuxos, seccións... como a crítica. ¡Enviádenos as vosas colaboracións! ¿Algunha idea?



Aproveitamos tamen a masiva distribución e lectura do BoleZine para facer un chamamento xeral á participación na vida do Centro Social e das súas actividades; ¿como vos apetece participar? ¿botando unha man na biblioteca? ¿argalhando actividades? ¿trebelhando cos ordenatas?...

E para aquelas persoas que gustan do proxecto pero ainda non se fixeron socias colaboradoras... ¡apoiade a existenza das alternativas!

Tamén vos informamos que en fevreiro faremos a Asamblea Xeral, para ver por que novos rumbos e océnamos navegamos... se queredes presentar algo... xá sabedes; e ben, vos deixamos de dar a chapa por este mes...

Saúdos, e unha forte aperta, Asociación Caleidoskopio. Vigo, Decembro 2005.

A Cova dos Ratos . . .

Un Centro Social Autoxestionado
para os colectivos sociais

Entendemos que a Cova pode ser unha ferramenta máis no camiño por unha sociedade mellor; un ponto de encontro entre iniciativas, un espazo para comunicar, intercambiar experiencias, conspirar e respirar colectivamente... en definitiva, unha pequena infraestructura para a transformación social e a experimentación. Queremos promover, incentivar e facilitar o uso da Cova entre os distintos colectivos e iniciativas socias e culturais de Vigo e bisbarra.

Xestión aberta:

"A Cova" é un centro social autoxestionado, un espazo participativo e aberto, do cal os colectivos poden tanto facer uso como chegar a implicarse, na medida que eles estimen e desexen; na súa xestión cotía, nas actividades, nas campañas... Sempre poderán usar o local aqueles colectivos e iniciativas que non entren en contradicción cos fins e principios da Asociación. O local é de todas as persoas que o usan e fan posibel a súa existenza.

Asembleas e Xuntanzas:

Pódense facer sempre que non interfira co funcionamento normal do local. Un dos melhores momentos é o luns polo serán, pois é cando a barra do local pecha, pero calqueira outro momento pode ser bó, co local aberto ou non..



Uso dos equipamentos:

Xa sexan os ordenadores, impresoras, a conexión a internet, a tele, video, proxector... e tamén o telefone, fax (estes pagando o custe da chamada) pódense usar libremente. Igualmente todo o material de oficina, incluindo as pinturas, papeis para recuperar, colas...

Usar a Cova como ponto de contacto:

Tanto o enderezo físico como o telefone pódense usar como contacto. Espazo para deixar cousas para outras persoas/colectivos...

Espazo comunicativo e para autoxestión:

Onde facer charlas, pases de video, coloquios, exposicións; onde distribuir pasquins, vender materiais ou facer festas para acadar cartos para o colectivo.

Actualmente xúntanse na cova regularmente: o GAS, Forzas EsquizoA, GAIM, Asemblea Antiimperialista, Radio Piratona...

Actividades Xaneiro 2006

Festa:

HORTERA

Actuacións en directo,
playbacks...
e Karaoke!!
¡Prepara a túa propia actuación!

Vinde disfrazad@s!!

A partir das 5 da mañán...
¡chocolatada hortera!

Aportación 3e. Xoves 5 ás 23:59

Os beneficios da festa adicaranse á loita polos dereitos dos animais.

Obradoiro



Xabrón Reciclado

A partir de aceite usado
podedes recolher porcións se xabrón no local

Domingo 19 ás 20:30

Concerto cantautor:

o profeta de αΩ

espíritu
anticapitalista



Vontade popular. Sábado 14 ás 22:30

Pase de Video

Haiti, O país inconcluso

2005, Jane Regan

unha visión que tenta ser representativa da sociedade haitiana, e dos problemas que ten para acadar unha vida melhor tras décadas de violenza e negligenza.



Organiza:
Asembleia Anti-imperialista Vigo

Venres 20 ás 20:30

Pase de Video



Un documental sobre a loita das vecinhas pola permanencia das terras de horta de La Punta, contra cos intereses do PGOU en Valencia

Organiza:
GAS e Caleidoskopio

Xoves 26 ás 20:30


E por ahí afora:


"Nas rebaixas consumo responsabel"

postos informativos
na mediana da Gran Vía

Sábado 14 ás 18:00

Convocantes:
CGT, GAS, Ateneo Libertario de Vigo, RCADE, A.C. Caleidoskopio e A.X. Luar.





San Cannuto


Xoves 19 ás 20:00
na praza da Constitución

Convoca: AveMaria

Obradoiros e Cursos na Cova:

Introducción ó Catalá

durante xaneiro e fevreiro,
anotadevos no local!
e ademaís é de balde...



E tamen...

**Todolos Sábados
a partir das 19:00:**

Café Recreo

Grupo
pro-psíkikos:
Forzas Eskizo

O GAS, Grupo Axitación Social é un dos colectivos que desenrolan parte da súa actividade e participa da xestión do CSA "A Cova dos Ratos"

Acordos de funcionamento do Grupo Axitación Social:

Constitúese como grupo estable, entendendo que para construir o movemento antagonista é necesario unha actividade constante.

A pertenza ao grupo, uns enténdeno como un compromiso permanente, mentres que outros o poden entender doutra forma, agregándose para determinadas campañas, accións, etc, e pertencendo durante ese período con plena capacidade de propoñer, discutir ou aprobar.

Preténdese establecer un equilibrio entre a necesidade dunha estructura que perdure (que nos sirva para dotarnosr dunha cohesión e manter unha coherencia entre medios e fins) e a necesidade dun instrumento de autoorganización orientado cara á acción, superando diferencias.

Buscamos construir a nosa identidade como grupo, a través do noso modelo organizativo e formas de loita.

O noso funcionamento baséase na horizontalidade e a asemblea, traballando sobre o común e o consenso.

Os acordos son revisables en cada asemblea.



Consideramos necesario contribuir ao establecemento de espazos horizontais que con espírito aberto e unitario, nos sirvan para encontrarnos e dos que poidan xurdir lazos de solidariedade e colaboración entre persoas ou organizacións.

Obxectivos:

Desenvolvemento de formas de acción política para a transformación radical das actuais estracturas ou formas de existencia social, política, económica e cultural; fundadas nas relacións de dominio e explotación.

Colaborar na loita dos que buscan transformar o mundo sen tomar o poder.

Con esta fin, buscaremos formas de intervención, axitación, propaganda, e desobediencia, sempre orientadas á construcción dun movemento antagonista local e de resistencia global.

Consideramos de especial importancia:

A loita contra a militarización da sociedade, a atención ás convocatorias de resistencia global contra o capitalismo, a reivindicación de dereitos soiciais para toda a xente, o reparto da riqueza e a denuncia do desenvolvemento irracional.

GAS

Se queres atoparnos estamos na Cova, **todolos luns a partir das 19:00**, as asembleas son abertas.

gasvigo@moviments.net

Defensa da Ría

Contra o porto deportivo na Lagoa, en Teis...
Na defensa de A Guía...
A Ría de Vigo é nosa, e non é súa Sr. Pedrosa...

"Vaia vaia vaia, Teis ten praias!
Eo eo eo, Vigo sen recheos!"
(tí@Teis)

FICAREI CONTIGO

Disque abrir Vigo ao mar
é ve-lo mar nas túas meniñas.
Disfrutar do xeneroso mar
é sentir na cidade a túa salgada caricia
e mailo fresco cheirume mariño
que me baña de salitre a cotío.

No berce do mar vouche mexer
entre solpor e amencer meu amigo
nas ondas mariñas vouche mexer
nas ondas mainas meu amigo,
onde cunchas brancas e finas areas
rebuldan inquedas na orela,
na orela do mar meu amigo.

Nas augas da nosa ría non máis recheos.
Non máis recheos na Ría de Vigo.
No blues das galegas mareas vivas
hei bailar contigo meu amigo.
E por fin... na beiramar ficarei contigo
ficarei contigo miña amiga.

Alfonso Láuzara

[Lapsus]
distribuidora alternativa



libros,
revistas,
fanzines,
musica,
...
materiais dos colectivos sociais

CSA - A Cova dos Ratos, Romil 3 baixo - Vigo



Cooperativa de
consumidores de
productos de
comerzo xusto
e biolxicos.

Arquitecto Pérez Bellas - Vigo
www.arbore.org

Radio Piratona
a radio livre da Ría de Vigo






caixa dos correos 8278
c.p. 36 200 Vigo
sindominio.net/piratona

VigoActivo
@listas.sindominio.net

Lista pública de distribuçóm
de correo electrónico,
aberta as pessoas e colectivos
para a distribuçóm
de novas e convocatorias
dos movimentos sociais
de Vigo e bisbarra.



para insribirse por: listas.sindominio.net



nom odies os media ...
se ti mesma ...



os MEdIA!!



Indymedia Galiza
centro de medios independente

galiza.indymedia.org



Hummus,

pate de garbanzos estilo ratoskópico

250 grs. de garbanzos, a remolho 12 horas
¼ taza de sementes de sésamo moidas
2 dentes de alho
¼ taza de zume de limón fresco
1-2 cucharadas grandes de aceite de oliva
Comino moido e sal ao gusto.

Escurrir os garbanzos, cubrilos con auga fría
e cocelos ate que fiquen brandos.
Escurilos, gardando media taza da auga da cocción.

Moer o sésamo tostado, xunto co zume de limón
e o alho picado finamente na batidora;
botarlhe a sal e o cominio.

Angader a auga que reservamos da cocción,
e os garbazos cocidos, continuar batendo,
ate que fique todo ben misturado.

Decorar con olivas, pementón, menta fresca... e a xantar!



Caleidoskopio


Baseada nun funcionamento asociativo, asembleario e autofinanciado, as súas actividades atópanse abertas a todas aquelas persoas que desexan tanto disfrutalas como participar na súa xestión. Un proxecto de autoxestión persoal e dun espazo aberto; unha aposta pola trasformazón social dende a vida cotiá, xuntando os medios cos fins; e que existe coma unha pequena realidade.

Os seus fins básicos: a promoción da cultura, do consumo ético e responsabel (comerzo xusto, biolóxicos, artesanais...), da autoxestión, da participación e transformación social dende as bases; o fomento do respeto polo medio e a luita contra á explotación, tanto do home como do resto dos animais.

A Cova dos Ratos

Un Centro Social Autoxestionado, aberto a iniciativas e propostas, no que podes atopar:

- Comidas caseiras vexetalianas
  Comedor de martes a venres de 1:00 a 3:45
  e polo serán/noite servizo de cocinha,
  comidas por encargo, caterings, para levar...
- Barra alternativa,
  zumes, batidos, infusións,
  productos artesanais,
  biolóxicos, comerzo xusto...
- Servizo de biblioteca, videoteca,
  discoteca... autoxestionadas
- Charlas, debates, pases de vídeo,
  actuacións, festas, exposicións...
- Distribuidora de libros, fanzines,
  materias de colectivos sociais...
- Obradoiros e cursos
- Ordenadores e internet de uso público
- Ponto de información e lugar de encontro
- Espazo aberto para as túas propostas...



Romil 3, Baixo; cp 36.202
Vigo - GZ
(0034) 986 493 381
caleidoskopio@sindominio.net
www.sindominio.net/caleidoskopio

HORARIOS INVERNO

Pola maña de martes a venres: das 11:00 ás 16:30
Comedor: das 13:00 ás 15:45
Seráns de martes a xoves e domingos: das 19:00 ás 00:00
Venres e sábados: das 19:00 ás 1:00
Luns barra pechada, local aberto para os colectivos